

Noite de Astronomía con AnB

Astronomía na Beirarrúa (AnB) é un programa da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que ten como obxectivo o desfrute do ceo nocturno dende as rúas e as prazas dos barrios. Tamén está presente en numerosas actividades de divulgación promovidas dende centros educativos de toda Galiza. Está dirixido polo profesor da Facultade de Óptica da USC Salvador Bará.

Profesora que organiza

A actividade está organizada por Teresa Mancebo (profesora do departamento de Tecnoloxía) e conta coa colaboración doutros docentes do IES de Pastoriza.

Alumnado ao que vai dirixida

Noite de Astronomía con AnB preséntase como unha ampliación da actividade PlanetaMóbil de EduCaixa, realizada durante a semana do 17 ao 21 de marzo. Na primeira fase as alumnas e os alumnos aprenderon a situar as constelacións de primavera grazas á proxección visionada dentro da cúpula inchable de EduCaixa. Nesta segunda fase terán a oportunidade de localizalas directamente no ceo nocturno e ademais poderán observar a través de diferentes telescopios a Lúa, Xúpiter, Saturno,...

Tal e como se comentou no seu momento, esta actividade só está dirixida ao alumnado que xa participou na primeira fase desenvolvida.

Data e horario de realización

Unha actividade de observación do ceo sempre está suxeita ás condicións meteorolóxicas polo que só é posible facer unha previsión en relación coa data. En principio terá lugar na semana do 5 ao 9 de maio e desenvolveráse de acordo co seguinte horario:

- A partir das 21:00 h breve explicación do ceo que imos observar e montaxe de telescopios.
- A partir das 22:00 observación do ceo ate as 00:00 h.

A actividade terá lugar fóra do horario escolar polo que as familias do alumnado participante terán que comprometerse a levalos ao instituto e recollelos ao finalizar.

Contido

- Localización e observación de estrelas e constelacións:
 - Constelación da Osa Maior

- Constelación da Osa Menor
- Constelación do León
- Constelación de Casiopea
- Arturo
- Estrela Polar
- Vega
- Localización e observación de planetas:
 - Marte
 - Xúpiter e os satélites galileanos
 - Saturno
- Localización e observación da Lúa

Obxectivos

- Introducir ao alumnado no coñecemento do ceo nocturno.
- Concienciar ao alumnado acerca do efecto negativo da contaminación lumínica na observación do ceo nocturno.
- Despertar o interese do alumnado por actividades divulgativas non necesariamente correlacionadas con contidos curriculares.
- Establecer un marco de convivencia entre os membros da nosa comunidade educativa alén do horario lectivo.